

**BANDO DE ALCALDÍA**

ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA , A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O ESTABLECIMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

A ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE MARÍN**FAI SABER:**

Que o pasado 12 de setembro o Pleno deste Concello acordou adherirse ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, publicado no DOG n.º 156 de data 17.08.2018.

INFÓRMASE.-

Que no texto do devandito Convenio figura un **Anexo III** que leva por título **“Modelo de contrato de xestión da biomasa no marco do sistema público de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa”**, que poderán subscribir os particulares interesados que ten por obxecto a realización material anual dos traballos necesarios para dar cumprimento á obriga legal de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas que corresponde á persoa usuaria do predio, extendéndose a duración do contrato desde a data da súa formalización ata o 31 de decembro de 2021, sendo a tarifa da prestación do servizo a razón de 0,0350 euros/m².

Seaga comunicará á persoa usuaria con antelación suficiente o comezo da realización dos traballos, así como o remate destes no prazo máximo de dez días hábiles desde que se produza.

O primeiro pagamento efectuarase a Seaga, dentro dos 10 días seguintes á comunicación da aceptación e sinatura por ésta do contrato de prestación do servizo. A eficacia deste contrato queda expresamente condicionada á realización do pagamento. Os pagamentos sucesivos efectuaranse no primeiro mes de cada ano natural en que se vaian levar a cabo os sucesivos traballos de prestación do servizo.

A tramitación destes contratos levarase a cabo a través do Concello, o cal recollerá os mesmos e remitiraos, unha vez asinados polos particulares ao organismo competente, unha vez que se poña en funcionamento o procedemento desde a Xunta de Galicia.

Documento asinado electrónicamente ao pe

